

Sr. secretario xeral de Política Lingüística  
R/ San Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela

Expediente: P.3.Q/16383/17

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017

Sr. secretario xeral:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego.

En diferentes medios de comunicación destácase que con motivo do último *correlingua* os participantes destacaron, entre outras cousas, que non existe ningunha autoescola de Galicia que teña os seus manuais en galego.

Ante dirixímonos á Federación Galega de Autoescolas para demandar a súa colaboración para que informe do tratado, en concreto sobre a comprobación do sinalado (que os manuais proporcionados ou dispoñibles unicamente se atopan en castelán); sobre as medidas que se prevén para que poda accederse aos manuais tamén en galego, lingua propia desta comunidade; e sobre os demais detalles relevantes.

Ao marxe do anterior temos considerado conveniente solicitar a colaboración informativa dese órgano para coñecer a información que teña ao respecto e, no seu caso, as medidas adoptadas ou previstas, e os demais detalles que considere relevantes para a completa valoración do obxecto desta queixa de oficio.

Agradézolle por adiantado a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. presidente/a da  
Federación Galega de Autoescolas  
Rúa de Oza nº 1  
15006 A CORUÑA

Expediente: P.3.Q/16383/17

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017

Estimado/a Sr./a.:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego.

En diferentes medios de comunicación destácase que con motivo do último *correlingua* os participantes destacaron, entre outras cousas, que non existe ningunha autoescola de Galicia que teña os seus manuais en galego.

Polo exposto demandamos a súa colaboración para que informe do tratado, en concreto sobre a comprobación do sinalado (que os manuais proporcionados ou dispoñibles unicamente se atopan en castelán); sobre as medidas que se prevén para que poda accederse aos manuais tamén en galego, lingua propia desta comunidade; e sobre os demais detalles relevantes.

Ao marxe do anterior tamén solicitamos a colaboración informativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Agradézolle por adiantado a súa colaboración e saúdo/a atentamente

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. coordinador de Tráfico en Galicia  
Jefatura de Tráfico A Coruña  
Ramón Pérez Costales, 10 –  
15006 - A Coruña

Expediente: P.3.Q/16383/17

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Sr. coordinador:

Nesta institución iniciouse actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego.

En diferentes medios de comunicación destácase que con motivo do último *correlingua* os participantes destacaron, entre outras cousas, que non existe ningunha autoescola de Galicia que teña os seus manuais en galego.

Ante dirixímonos á Federación Galega de Autoescolas para demandar a súa colaboración para que informe do tratado, en concreto sobre a comprobación do sinalado (que os manuais proporcionados ou dispoñibles unicamente se atopan en castelán); sobre as medidas que se prevén para que poda accederse aos manuais tamén en galego, lingua propia desta comunidade; e sobre os demais detalles relevantes.

Ao marxe do anterior temos considerado conveniente solicitar a colaboración dese órgano para coñecer a información que teña ao respecto e, no seu caso, as medidas adoptadas ou previstas, e os demais detalles que considere relevantes para a completa valoración do obxecto desta queixa de oficio.

Agradézolle por adiantado a súa colaboración e saúdoo atentamente



Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. secretario xeral de Política Lingüística  
R/ San Roque, 2  
15781 Santiago de Compostela

Expediente: P.3.Q/16383/17

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Sr. secretario xeral:

Por mor da queixa de oficio aberta nesta Institución como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego, o 11 de maio requiriuse informe a esa secretaría xeral.

Transcorrido amplamente o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle a través deste escrito para que dea cumprimento urxente ao preceptuado na citada lei autonómica (adiantando o informe vía fax ou e-mail). Recórdaselle especialmente a obriga de todos os poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta institución nas súas investigacións e actuacións (art. 26.1 da citada Lei).

Reciba un atento saúdo.

The image shows a handwritten signature in blue ink that reads "Milagros Otero". To the right of the signature is a blue rectangular official stamp. The stamp contains the text "Valedor do Pobo" in a bold font, with "Galicia" written in a smaller font below it. There are also several small blue dots arranged in a pattern to the left of the text within the stamp.

Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. presidente/a da  
Federación Galega de Autoescolas  
Rúa de Oza nº 1  
15006 A CORUÑA

Expediente: P.3.Q/16383/17

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Estimado/a Sr./a.:

Por mor da queixa de oficio aberta nesta Institución como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego, o 11 de maio solicitamos a colaboración desa Federación.

Non tendo recibido ningunha comunicación desa Federación ao respecto, demandamos novamente a súa colaboración para que informe do tratado, en concreto sobre a comprobación do sinalado (que os manuais proporcionados ou dispoñibles unicamente se atopan en castelán); sobre as medidas que se prevén para que poda accederse aos manuais tamén en galego, lingua propia desta comunidade; e sobre os demais detalles relevantes.

Reciba un atento saúdo.



Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. coordinador de Tráfico en Galicia  
Jefatura de Tráfico A Coruña  
Ramón Pérez Costales, 10  
15006 - A Coruña

Expediente: P.3.Q/16383/17

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2017

Sr. coordinador:

Por mor da queixa de oficio aberta nesta Institución como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego, o 11 de maio solicitamos a colaboración desa Xefatura de Tráfico de Galicia.

Non tendo recibido ningunha comunicación desa Federación ao respecto, demandamos novamente a súa colaboración para que informe do tratado, en concreto sobre a comprobación do sinalado (que os manuais proporcionados ou dispoñibles unicamente se atopan en castelán); sobre as medidas que se prevén para que poda accederse aos manuais tamén en galego, lingua propia desta comunidade; e sobre os demais detalles relevantes.

Reciba un atento saúdo.



Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo

Sr. presidente/a da  
Federación Galega de Autoescolas  
Rúa de Oza nº 1  
15006 A CORUÑA

Expediente: P.3.Q/16383/17


Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Estimado/a Sr./a.:

Por mor da queixa de oficio aberta nesta Institución como consecuencia de recentes informacións aparecidas en diferentes medios nos que se sinala que nas autoescolas galegas non se facilitan os manuais en galego, os días 11 de maio e 26 de xuño solicitamos a colaboración desa Federación.

Non tendo recibido ningunha comunicación desa Federación ao respecto, demandamos novamente a súa colaboración para que informe do tratado, en concreto sobre a comprobación do sinalado (que os manuais proporcionados ou dispoñibles unicamente se atopan en castelán); sobre as medidas que se prevén para que poda accederse aos manuais tamén en galego, lingua propia desta comunidade; e sobre os demais detalles relevantes.

Reciba un atento saúdo.



Milagros Mª Otero Parga  
Valedora do Pobo